

Os efectos do decreto de plurilingüismo: aumenta o alumnado que non sabe falar galego

O pasado venres 27 de setembro o Instituto Galego de Estatística (IGE) presentou o seu informe sobre o uso do galego. Constátase pola vía das cifras o que todas e todos nós coñecemos: que o galego, a lingua propia de Galiza, está a perder falantes constantemente o cal é máis acusado no ámbito urbano.



No ensino as cifras son moi preocupantes. Desde que se promulgou o Decreto de Plurilingüismo no 2010 asistimos a un descenso continuado no emprego da nosa lingua no ámbito educativo tanto por parte do profesorado, que está impedido, legalmente, para dar moitas materias en galego, como por parte do alumnado. Indica o IGE que no tramo de idade que vai **dos 5 aos 15 anos, o 30,04% recoñecen non saber escribir galego, o 18,32% non saber lelo e o 23,9% non saber falalo**, o que supón un incremento do 8,42%, do 4,06%, e do 7,6% (respectivamente) sobre os datos recollidos no 2008, ano da última enquisa anterior á entrada en vigor do decreto contra o galego. Xa daquela a CIG-Ensino encabezara as mobilizacións en contra da súa aplicación e, desgraciadamente, os datos veñen darnos a razón posto que o feito de que **1 de cada 4 estudantes galegos** non sexa capaz de se expresar na súa propia lingua é unha evidencia de que non se están a cumprir nin os requisitos mínimos do deostado

Decreto e moito menos a Lei de Normalización Lingüística.

Éxito da política desgaleguizadora do PP

O único éxito verificábel é o da política lingüicida do PP, que conseguiu que nas aulas galegas estea mesmo prohibido impartir determinadas materias na nosa lingua (caso das matemáticas, a física e química ou a tecnoloxía), o que contribúe, tamén, ao desprestixio social do emprego do galego.

Se a isto unimos os datos das miserentas axudas que reciben os Equipos de Dinamización Lingüística, atopámonos con que na práctica é o empeño e a conciencia dun profesorado comprometido coa defensa da nosa lingua o que permite que se manteña un mínimo de presenza do galego nos centros educativos.